

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 18 DE ABRIL DE 2016

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dezoito de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga (que se incorpora cando son as 20:28 horas) e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Proposta de aprobación do Orzamento Xeral e do cadro de persoal do Concello de Cambre para o exercicio 2016

Vista a proposta de Alcaldía de data 5 de abril de 2016 que consta do seguinte teor literal:

“Confeccionado o proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2016, que inclúe exclusivamente o do Concello.

Visto que a súa estrutura orzamentaria se axusta ás normas contidas na Orde de 3 de decembro de 2008 do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/3565/2008), publicada no BOE número 297, do 10 de decembro, aplicable aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2010 e seguintes, modificada pola OM HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Visto que o estado de gastos recolle os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles durante o ano 2016 e o estado de ingresos as previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar.

Visto que o orzamento xeral contén toda a documentación prevista na lexislación vixente.

De conformidade cos artigos 168 do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLFL) e 90 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local,

Propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2016, que ascende a un importe de 16.236.442,97 euros, co seguinte resumo por capítulos:

<u>CAPÍTULO INGRESOS</u>	TOTAL	<u>CAPÍTULO GASTOS</u>	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	5.594.175,51	1 GASTOS DE PERSOAL	5.994.811,54
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	130.000,00	2 G.TOS. BENS CTES. E SERV.	6.614.801,99
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.961.709,42	3 GASTOS FINANCEIROS	62.747,30



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.149.823,95	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.104.859,98
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	5.000,00		
Total Operacións Correntes	14.840.708,88	Total Operacións Correntes	13.777.220,81
OPERACIÓN DE CAPITAL		OPERACIÓN DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	1.897.088,02
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	849.934,82	7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	16.000,00
8 ACTIVOS FINANCEIROS	13.610,00	8 ACTIVOS FINANCEIROS	13.610,00
9 PASIVOS FINANCEIROS	532.189,27	9 PASIVOS FINANCEIROS	532.524,14
Total Operacións de Capital	1.395.734,09	Total Operacións de Capital	2.459.222,16
TOTAL INGRESOS	16.236.442,97	TOTAL GASTOS	16.236.442,97

Segundo: Aprobar inicialmente as bases de execución do Orzamento para 2016.

Terceiro: Anular as modificacións de crédito efectuadas sobre o orzamento prorrogado ata a aprobación definitiva do orzamento para habilitar créditos contidos neste orzamento, que se teñan por incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento de 2016.

Cuarto: Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o 2016.

Quinto: Aprobar o cadro de persoal do Concello de Cambre para o ano 2016 segundo se transcribe a continuación:

PERSOAL FUNCIONARIO 2016

Denominación da praza	PAZAS	GRUPO-SUBGRUPO	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación de carácter nacional	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación de carácter nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Tesorero	1	A1	Habilitación de carácter nacional	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria-arquiveira	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador de Servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Axente de desenvolvemento local	2	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de promoción económica	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración Xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico-financieira	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Traballadora social	3	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Oficial policía local	2	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Encargado de Servizos	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador deportivo	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Administrador sistema informático	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informático auxiliar	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar biblioteca-arquivo	6	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar monitora 3ª idade	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Agente Protección civil	5	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Conserxes	16	Outras agrupacións profesionais	Administración Xeral	Subalterna	
Capataz de brigada de obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Persoal de oficios
Oficial obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Persoal de oficios
Operario condutor	3	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Persoal de oficios
Operario Servizos	3	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Persoal de oficios
Asistente domiciliaria	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Persoal de oficios

PERSOAL LABORAL 2016

Denominación da Praza	PRAZAS	Titulación categoría profesional	Observacións
Operario-Servizos	1	Certificado de escolaridade ou equivalente	En proceso de funcionalización

PERSOAL EVENTUAL 2016

Denominación posto de traballo	Número de prazas
Asesor/a Alcaldía	1
Secretaría/o Obras e Servizos	1
Secretaría/a Benestar social	1

Resumo

Persoal funcionario	133
Persoal laboral	1
Persoal eventual	3

O expediente exporase ao público na Intervención municipal polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Cadro de Persoal do ano 2016, de conformidade co disposto no artigo 126 do real Decreto legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes do Réxime local, remitiendo copia ao Ministerio de Administracións Públicas, e ao órgano competente en materia de réxime local da Comunidade Autónoma, dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* xunto co resumo do orzamento."

Foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 13 de abril de 2016, por catro votos a prol correspondentes aos dous concelleiros de UxC e ás dúas concelleiras do PSdeG-PSOE, e coa abstención dos dous concelleiros do PP, da concelleira de ACdC-SON, do concelleiro do BNG, da concelleira de C's, integrante do GM e do concelleiro non adscrito; e pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social da mesma data, por catro votos a prol correspondentes aos dous concelleiros de UxC e aos dous concelleiros do PSdeG-PSOE, e coa abstención dos dous concelleiros do PP, do concelleiro de ACdC-SON, do concelleiro do BNG, da concelleira de C's, integrante do GM e do concelleiro non adscrito.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que se presentan uns orzamentos equilibrados en 16.236.442,97 euros, o que representa, en termos xerais, un aumento do 1,10% respecto dos orzamentos do 2014, o que entenden que é un aumento de gasto razoable.

Explica que vai enumerar os elementos máis significativos dos orzamentos de gastos. Empezando polo Capítulo I, que corresponde ao persoal, o seu importe ascende a 5.994.811,54 euros, o que supón un 36,92% do orzamento de gastos. Supón un incremento do 5,93% do orzamento para o 2014. Este aumento vén motivado polos contratos de acumulación de tarefas, así como polos trienios xerados polo persoal nos dous últimos anos, o incremento do 1% establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado e a orzamentación do 50% da paga extra do ano 2012, recuperada no 2016.

En canto ao Capítulo 2, gastos en bens correntes e servizos, ascende a 6.614.801,99 euros, o que en termos porcentuais supón un 40,74% do gasto total. Redúcese respecto do orzamento do 2014 nun 2,72%, este é un reflexo da liña que pretende dar este Goberno. Se ben hai unha minoración do gasto corrente, aplicando criterios de prudencia e contención, prodúcese un aumento en gasto de proxectos e planificación. Auméntase en partidas de emprego, deportes, servizos sociais e cultura, na medida das necesidades que lles fixeron chegar os técnicos dos diferentes departamentos.

O Capítulo 3, cunha cantidade de 62.747,30 euros, vai destinado ao pago de xuros derivados das operacións de crédito concertadas polo concello.

No Capítulo 4 consígnase unha cantidade de 1.104.859,98 euros, o que supón un 6,80% do importe do orzamento, coa finalidade de facer fronte ás subvencións por bolsas de estudos, axudas por emerxencia social, festas parroquiais e patronais, asociacións deportivas e culturais, entidades supramunicipais, así como outras entidades asignadas nominativamente no orzamento, e que son as mesmas de todos os anos, con dúas excepcións, o Club de Hóckey Cambre e Adaceco.

Destaca neste capítulo o aumento na cantidade para emerxencias sociais, así como para o programa Mañanceiro. Tamén se duplica o gasto para as comisións de festas, co fin de evitar subvencións encubertas, as cales carrexaban o reparo de Intervención.

O Capítulo 6 ten un importe de 1.897.088,02 euros, o que supón un 11,68% do orzamento. Auméntase o investimento, o que ben a ser unha mostra da forte aposta para investimentos que se fai dende o executivo municipal.

No Capítulo 7 consígnase un importe de 16.000,00 euros para o financiamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para fins culturais e deportivos.

No Capítulo 8 consígnase unha cantidade de 13.610,00 euros, o que implica un 0,08% do orzamento, co fin de dar cobertura a anticipos de persoal e depósitos para o ano 2016.

No Capítulo 9 consígnase unha cantidade de 532.524,14 euros, o que implica un 3,28% do orzamento, coa finalidade de dar cobertura á carga financeira das amortizacións de capital dos préstamos vixentes no exercicio 2016, así como á amortización anticipada do PAI da Excma. Deputación da Coruña. O compromiso do Goberno é non aumentar a débeda municipal.

Conclúe manifestando que, en canto ao estado dos ingresos, o obxectivo dese capítulo é iniciar a senda dunha reforma fiscal que lles permita, sen subir impostos, poder acadar cotas eficientes de inspección e recadación.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que é certo que despois dunhas eleccións municipais, os grupos políticos teñen que formar un Goberno, un Goberno que represente os intereses da maioría dos veciños e, unha vez formado, a primeira obriga do alcalde é atender a todas aquelas necesidades que se demandan e que inescusablemente han de ter o seu reflexo no orzamento municipal anual,

que tal e como se recolle no Texto refundido da Lei das facendas locais, debe presentarse ante o Pleno municipal antes do 31 de outubro, para a súa aprobación definitiva antes do 31 de decembro.

Pois ben, en Cambre son diferentes. Os orzamentos anuais do Goberno local, que serven para que este poida servir ás necesidades xerais, non ten sido unha prioridade para o Sr. García Patiño. E non o ten sido porque el e o seu Goberno tardaron máis de 10 meses en presentar este documento básico para poñerse en marcha e imprescindible para que un Goberno responsable poida poñerse a traballar en serio e con miras ás necesidades urxentes e ás de futuro próximo.

A día de hoxe, e tras 10 meses de mandato, os veciños de Cambre non tiveron orzamento, e o equipo de goberno consentiu, sen a menor preocupación, esgotar eses 10 meses cun orzamento que vén prorrogado dende o ano 2014 e que, ademais, fora sonoramente rexeitado polos grupos que agora se serven del, irresponsablemente, porque non cumpriron coas súas obrigas.

Continúa dicindo que durante estes 10 meses de mandato teñen visto de todo. Un amaño inicial de goberno, unha ruptura de pacto, membros non electos de listas electorais contratados a soldo como asesores, un goberno imposible de catro concelleiros, unha reedición de pacto, rectificacions, dimisións, cambios de áreas de goberno cada dúas por tres, retiradas de placas, perdas de millóns de euros en subvencións europeas, plenos extraordinarios por non facer os deberes a tempo, paralización de proxectos e un longo etcétera. En resumo, teñen esgotado xa a cuarta parte do mandato sen facer absolutamente nada polo futuro de Cambre, indiscutible afirmación, pois sen orzamento non se pode.

Dilles que non quixeron formar un goberno estable e de futuro co partido maioritario. Non quixeron dialogar para chegar a un acordo que permitira sacar adiante, e con garantías, as solucións aos problemas que preocupan aos cambreses. E as primeiras consecuencias di que as ven neste ano totalmente perdido, no que as únicas obras e os únicos servizos que viron os veciños eran accións xa contratadas polo anterior Goberno, e que eles se teñen esmerado en presentar como propias sen o máis mínimo reparo.

Expón que tras unha análise detida deste orzamento municipal en conxunto e en detalle por partidas, as conclusións apuntadas fanse evidentes. Na área de servizos sociais, e así se di na propia memoria de Alcaldía, o Sr. alcalde afirma que teñen aumentado as partidas de servizos sociais. Dilles que claro, que só faltaba que non se actualizaran dende principios do ano 2014. Pero se reparan nos orzamentos anteriores, verán enseguida que non existe tal subida, porque as partidas de axuda no fogar e as partidas de emerxencia social xa teñen sido obxecto de subidas anuais ao longo dos catro orzamentos anteriores.

Se realizan unha comparativa coa proposta de orzamentos para o ano 2015 que o Grupo Municipal Popular presentou ao Pleno o pasado ano, e que UxC e PSOE rexeitaron contundentemente, observarán como a partida que se consignaba para emerxencia social era maior que a que traen agora a pleno, é dicir, 170.000 euros consignados no frustrado orzamento do 2015, fronte aos 150.000 que orzamentan eles un ano despois. É dicir, unha actualización á baixa que non ten xustificación, por máis que traten de explicalo e se mire como se mire.

O Grupo Popular, loxicamente, non acepta esa redución respecto da proposta que fixeron no 2015, pois ao final resulta que a partida de emerxencia social que o Sr. alcalde propón para o ano 2016 será menor que a que se propoñía para o ano anterior. Dilles que, polo menos, deberían ser máis rigorosos coa memoria de Alcaldía que presentan aos grupos políticos, e non manipular os datos de servizos sociais para tratar de falsear a realidade do desinterese do actual Goberno.

No pleno de orzamentos do 2014, o Sr. García Patiño amosaba o seu desacordo co servizo de bono-taxi, porque consideraba que o servizo de bono-taxi é unha competencia da Xunta de Galicia, non obstante non ten reparo ningún en volver a orzamentar as cantidades correspondentes para seguir asumindo o servizo como propio. Como dicía antes, o alcalde dilles unha cousa cando é oposición, e fai outra cando goberna.

Na área de emprego, o mesmo teñen que dicir. Queren lembrarlle unha vez máis ao Sr. alcalde e aos seus socios de goberno, que no ano 2011, cando deixaron a Alcaldía despois de máis de 30 anos no goberno de Cambre, todas as partidas que se destinaban a emprego eran practicamente nulas. En calquera caso, alégranse de que teñan a intención de continuar coa liña de fomento do emprego local e de desenvolvemento empresarial iniciada polo Partido Popular, unha liña que tanto cuestionaban no seu día o alcalde e os seus socios socialistas. Dilles que lles esixirán resultados e velarán para a súa correcta aplicación.

Outras partidas importantes son as referidas aos soldos do equipo de goberno. O alcalde Óscar García Patiño, de forma insistente, solicitaba ao Goberno do PP, xa dende o ano 2012, unha redución das cantidades percibidas por alcalde e concelleiros, en concreto, pedía unha rebaixa do 25%. Pois mira por onde os feitos demostran bochornosamente como se cambia radicalmente de parecer segundo quente o sol.

Dille que os soldos do seu Goberno suman un total de 412.000 euros, fronte os 359.000 do Goberno anterior. A eses 412.000 euros hai que sumarlle o custo dun asesor de prensa, que por decreto do Goberno se paga con outras partidas adicionais, ademais do soldo da secretaria de Alcaldía, que forma parte do persoal funcionario municipal e non do persoal de confianza, como sucedía no anterior mandato.

Isto por non falar das contradicións e desaxustes entre os soldos dos concelleiros, porque resulta totalmente irrisorio que este Goberno cree unha concellería de Igualdade, e ao mesmo tempo as mulleres do grupo de goberno cobren soldos inferiores aos homes. Eles presumen de modernos e igualitarios, e resulta que nas súas filas a muller é só un número para cumprir coa lei de paridade, desiguais en dereitos económicos, ata o punto de que algún concelleiro varón cobra case como dúas concelleiras xuntas. Produce verdadeiro afogo a diferente vara de medir e a falta de recato do Sr. alcalde e dos membros do seu Goberno.

Continúa dicindo que lles gustaría referirse tamén á partida de 119.000 euros para proxectos que consignan na área de Urbanismo, partida da que non se sabe para que tipo de proxectos, nin para que fin se van utilizar. Gustaríalles que se explicara no pleno de hoxe.

En canto aos investimentos para o ano 2016, queren referirse en especial á partida de investimento que se reserva á remodelación do campo de fútbol "Os Pinares" de Brexo-Lema, obra aprobada en pleno no seu día, e que evidentemente hai que acometer.

Dille ao Sr. García Patiño que el sabe que a obra do campo do Brexo-Lema está recollida nun proxecto da Deputación da Coruña, proxecto que a Deputación provincial se comprometeu no seu día a financiar nun 80% a través dunha subvención nominativa. Eses fondos foron xestionados persoalmente ante a Deputación polo anterior alcalde, eran fondos comprometidos pola propia Deputación para levar a cabo a obra e con base nos cales se asinou un convenio coa entidade deportiva.

Di que o que se trae hoxe aquí é o resultado da improdutivo xestión do Sr. alcalde, é o resultado do abandono e da desgana dun alcalde que desiste continuamente de esixir o que lle corresponde aos cambreses por xustiza, que desiste de reclamar aos seus o que é dos cambreses, e que dá por boas, á primeira de cambio, as excusas dos novos representantes provinciais. É o resultado da súa incapacidade de xestión cos organismos provinciais, e demostra o pouco constante que pode ser o seu Goberno reclamando fondos ás administracións que non cumpren os seus compromisos.

Finalmente, e dado que é certo que hai que acometer a obra, atópanse con que os fondos destinados ao PAS 2016, é dicir, os fondos que deberían de destinarse a acción social, non van ser destinados a iso. Os veciños de Cambre perderán en 2016 medio millón de euros en investimentos que, segundo as bases do PAS, deberían de servir para mellorar as condicións de vida da poboación, esencialmente da infancia, mulleres, xuventude, persoas maiores, persoas con diversidade funcional, e outros colectivos necesitados de especial protección.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Parece que nun só ano de mandato o Goberno local tenlles demostrado fidedignamente que a súa capacidade para deixar escapar fondos externos para os veciños non ten límite.

En canto á partida destinada á remodelación de local para biblioteca municipal, que é outra das obras de investimento que van acometer, moitas teñen sido as ocasións en que o Grupo Popular ten manifestado a súa postura ao respecto, que é a de liberar a planta superior do centro de saúde para dar máis servizos médicos aos veciños, aforrar con iso 70.000 euros/anuais, e levar a biblioteca á Casa de Arrigada, para o que se contaba xa cun proxecto.

Di que non lles parece polo tanto razoable realizar o traslado a un local que non é de propiedade municipal, e moito menos aínda gastarse 360.000 euros na reforma, é dicir, case catro veces máis do que lles custaría o acondicionamento da Casa de Arrigada. E é que, se ben o traslado da biblioteca municipal é unha cuestión do máis urxente, e sendo certo que hai unha moción aprobada en pleno para converter a Casa de Arrigada nun centro de interpretación da natureza, para o Grupo Popular non é o máis razoable e non é o máis eficiente dende o punto de vista económico.

Por outro lado, di que se atopan con que o Goberno non lles ten dado aos grupos políticos e aos veciños ningún tipo de información, nin explicación, sobre cales serán os custos anuais do aluguer do dito local, xa que o aforro pola liberación do centro de saúde verase necesariamente reducido por ese gasto adicional. Por iso consideran que o gasto que se orzamenta, 360.000 euros, non se basea en criterios de sentido común, ademais de ser desproporcionado ao fin e manifestamente innecesario.

En canto á reforma dos locais da Barcala para albergar dependencias de servizos sociais, para os cales se consigna un gasto de 221.000 euros, xa manifestaron nun dos últimos plenos as súas dúbidas en canto á urxencia desta medida, nun momento en que os medios económicos son escasos para dar cobertura ás necesidades xerais dos veciños. Nese sentido a cobertura directa dos servizos sociais non está, nin moito menos, na mellora das súas dependencias, senón na cobertura inmediata económica e na atención efectiva e real aos usuarios, un por un.

En canto ao capítulo de ingresos, di que non poden deixar de referirse ao IBI. Respecto do IBI, e dilles que se fixen ben, o propio informe económico-financeiro de Intervención sinala que o importe consignado é similar ao orzamentado para o ano 2014, cando aínda non se aplicara a última revisión catastral. Sinala o mesmo informe que se ben se ten producido un incremento da base impositiva pola nova ponencia de valores, tamén se produce un axuste á baixa, pola baixada do tipo impositivo que no seu día propuxo e levou a votación o Partido Popular.

Por iso di que hoxe lle preguntan ao Sr. alcalde onde estaba o afán recadatorio do anterior goberno do PP. Pregúntalle se pode explicar agora aos veciños que están escoitando por que di na memoria do orzamento, asinada por el, que vai realizar inspeccións para cumprir co imposto. Pregúntalle se non dicían el e os seus socios de goberno que non era o momento de realizar inspeccións. Tamén lle pregunta se lles pode explicar onde está esa subida do IBI indiscriminada que os veciños ían sufrir a causa do mal chamado catastrazo.

Di que esta mesma semana vían como os propietarios dunha segunda vivenda, ou de calquera outro tipo de vivenda...

O Sr. alcalde intervén para pedirlle que, por favor, vaia terminando.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe dille que si, que termina, e continúa expoñendo que esta mesma semana vían como os propietarios dunha segunda vivenda ou doutro inmovible, naqueles municipios que non tiveran revisado os valores nos últimos dez anos, verán incrementado no seu IRPF o 2% do valor catastral desas propiedades, é dicir, tributarán o dobre.

Viron tamén, no seu momento, como o grupo municipal de UxC votaba en contra da baixada do tipo impositivo do IBI para 2016, alegando que debía de ser o seguinte goberno quen o fixera. Pregúntalle se agora que xa hai seguinte goberno, do cal el é alcalde, se vai seguir baixando o tipo, ou dado o seu voto en contra na baixada proposta polo PP pensa subilo.

Dille ao Sr. García Patiño que o tempo dá e quita razóns, e tamén destapa mentiras e manipulacións. A campaña de acoso e derrubamento polo suposto catastrazo foi un fraude en toda regra aos veciños, e a el non lle queda máis que asumir a falsidade da campaña mediática da que se ten servido UxC na súa campaña electoral, así como os seus socios de goberno, porque din unha cousa cando son oposición e fan a contraria cando gobernan. Non son de fiar.

Por todo isto, conclúe dicindo que o Grupo Municipal Popular de Cambre non pode dar por bos os orzamentos que lles presentan, porque están viciados de raíz, e porque non defenden debidamente o interese xeral dos cambreses. Polo tanto o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que escoitando á concelleira do PP dálle a sensación de que lle faltou un ano ao goberno do PP para sacar uns bos orzamentos, agora é cando parece que empezan a ter claro como se teñen que facer uns orzamentos.

Respecto a estes, a primeira mención necesaria tamén é un tirón de orellas respecto dos prazos. Aínda que poidan chegar a comprender cal foi a situación deste goberno durante case o primeiro ano, non poden xustificar esta demora. Recriminaron, e aí si que lle dá a razón á concelleira popular, recriminaron durante catro anos, insistentemente, a tardanza na presentación dos orzamentos, e estase caendo na mesma irregularidade, veñen con atraso. Non deben volver consentir ese atraso nos orzamentos, tendo en conta a envergadura do documento e o que significa para todos.

No pleno pasado díxolle ao Sr. alcalde algo que vai remarcar, porque cre que non debería ocorrer neste concello, que é que este concello non teña un concelleiro ou unha concelleira de Facenda. Non quere infravalorar tampouco a súa capacidade, nin a do Sr. alcalde, nin a de quen estuda ou diseña os orzamentos, pero a envergadura dunha área como a de Economía e Facenda é tan grande que, sinceramente, dubidan moito de que se poida incluír dentro das funcións de Presidencia, como se dunha área menor se tratara.

As consecuencias dese abandono ao seu parecer poden ser varias, e algún dos vicios que detectaron neste documento entenden que puideran vir desa falta de dirección política. Di que fala de alguén que teña capacidade de trasladar os orzamentos ao programa e liña política de quen goberna.

Respecto do capítulo 2, gastos en bens correntes, indicar que no informe de Alcaldía se explica que se reducen gastos en administración xeral, e di que falan sempre respecto dos orzamentos do 2014, que son os que están prorrogados, é dicir, o proxecto do 2015 en realidade, aínda que si se pode tomar como referencia, non é unha referencia válida.

Nese sentido tamén quere dicir que evidentemente eles entenden que non é de xustiza, e isto queren salientalo, seguir traballando cuns orzamentos prorrogados do ano 2014. Nese sentido tamén os apoia a disposición adicional 16^a da Lei 7/1985, que lle atribúe á Xunta de Goberno Local a posibilidade de aprobar os orzamentos e non seguir traballando con orzamentos prorrogados.

Di que se eles estiveran sentados onde está o Sr. alcalde, non lles gustaría estar traballando cos orzamentos prorrogados, e menos cos do ano 2014 que foron, como dicía a señora concelleira, sonoramente rexeitados por moitos deles. Naquel momento EU así o fixo tamén.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Como dicía, respecto do capítulo de gastos, en primeiro lugar os seus parabéns por ter reducido a obscena cantidade, é o que eles consideran, que se viña destinando a festas en Cambre. Sempre dixeron que o ocio e a festa é importante, pero na súa xusta medida. Xa preguntaron nalgún pleno anterior ao concelleiro de Cultura se consideraba que as cantidades que se estaban gastando en orquestras, por poñer un exemplo, se consideraban racionalización do gasto. Nese sentido parece que prevén facer un cambio respecto da organización das festas en Cambre. Terán que ver tamén se de cara ás festas deste ano esa redistribución ou esa reconfiguración dá os resultados que se agardan, iso é algo que verán.

O que quizais sexa por falta de explicación, porque non houbo oportunidade, porque non preguntaron, o que non chegan a entender é o por que do incremento ás comisións de festas. Non saben se responde a algún tipo de política personalista, ou se teñen, sendo mal pensados, unha tintura máis próxima á política de pequeno recuncho, que é a política que realmente queren facer. Di que xa llelo explicarán, se teñen a ben. Iso si, van estar convidados de bo grao a todas as festas das parroquias deste ano, seguramente tamén o saben. Di que ben, que isto era un pouco a modo de chanza.

Dicía a anterior concelleira no punto concreto, o de que realmente iso de que soben as partidas de emprego, deportes, servizos sociais e cultura é unha verdade, pero é unha verdade a medias. O incremento desas partidas ao final é o xusto e necesario para poder identificarse e xustificarse como un goberno de progreso. Entenden dende ACdC-SON que non é suficiente como para que realmente se note un cambio, non no orzamento, non nas partidas concretas, senón na forma de facer política, que é o que realmente necesitan no Concello de Cambre. Non coller os orzamentos do 2014, e subir e baixar, non, o que teñen é que refacer absolutamente eses orzamentos. A forma de facer política ten que ser totalmente distinta, non pode ser esa política conservadora coa que levan catro anos lidando.

Tamén ven que apostan todo a vermello, agardan que non saia negro como dicía o anuncio, co tema de urbanismo. O urbanismo en Cambre é importante, é importantísimo. O plan xeral é importante, é fundamental, pero vai case un ano, teñen unhas partidas xenéricas, porque esa é outra das características dos orzamentos, que son partidas xenéricas, e tampouco saben exactamente esas partidas de proxectos e esas cantidades tan enormes en que van a repercutir.

Insiste en que saben que a aposta de UxC é o urbanismo, pero vai un ano e non teñen nin idea de se xa irán coa terceira empresa, porque á empresa anterior non saben se lle van rescindir o contrato, se non, é dicir, canto lles vai custar aos cambreses e en que situación está o plan xeral de Cambre, que realmente é o que, a partir de que se aprobe, vailles xerar ingresos e vai xerar recursos para Cambre.

O que dicía antes da súa desconformidade non é con partidas en concreto, porque eles realmente neste orzamento o que poden ler é que existe boa intención por parte do goberno de aproximarse aos veciños e ás veciñas, pero a súa desconformidade é co conxunto do orzamento, que ten, dende o seu punto de vista, que reconfigurarse. Non lles vale modificar esas partidas, ou esa configuración que herdaron do PP.

Neste punto, e tamén en relación coa intervención de Marta, e falando tamén en descargo do actual goberno de Cambre, é de xustiza lembrar que todos os concellos quedaron absolutamente mutilados pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, polo roubo de competencias que tiñan os concellos e que actualmente de xeito transitorio, ou definitivo, pasan a entidades supramunicipais.

Nese sentido o PP, como máximo responsable da instauración desa lei, entende que deberá estar satisfeito con que un goberno, por boa vontade que teña, a día de hoxe non poida dedicar os recursos ao que realmente máis lle poida interesar, senón que teña que elixir entre as minguidas competencias que lles deixaron aos concellos.

Calquera tipo de compromiso social que se teña cos veciños e veciñas do concello, queda absolutamente coartado coa reforma que entrou en vigor en decembro do ano 2013, tras un complexo proceso que derivou na

súa aprobación cos únicos votos a prol dos deputados do PP. Por iso, o que estaba dicindo a concelleira popular sobre os servizos sociais e a conciencia social, é unha absoluta demagogia.

Certo é, por outra parte, e iso si que llo di ao Sr. García Patiño, que o propio Tribunal Constitucional vén no mes pasado, no mes de marzo, de derrogar determinados preceptos desa lei, polo que como pode ver o Sr. Rivas, non eran uns poucos tolos os que vían unha invasión do centralismo na autonomía dos concellos, senón que o propio Tribunal Constitucional así o afirma na sentenza do 8 de marzo de 2016.

Nese sentido dille ao Sr. alcalde que algúns dos preceptos anulados si que lles afectan directamente de cara aos orzamentos futuros. O Tribunal Constitucional anulou os puntos nos que a lei prohibía ás autonomías atribuír aos concellos os servizos de asistencia social, inspección sanitaria e de alimentos, e servizos de saúde e de atención primaria, e que ademais obrigaba a que esas competencias se traspasaran ás comunidades autónomas.

Quere dicir con isto que a partir de hoxe, ou mellor dito, a partir de mañá, hai que empezar a traballar nos orzamentos do ano que vén. Pero traballar, insiste, na medida das súas posibilidades, na redistribución dos recursos dos veciños para que repercutan realmente nos veciños. A boa vontade que lle poden ver ao goberno, van seguir presupoñéndoa para levar a cabo esta tarefa.

Di que hai moito que revisar, hai moitos servizos que contratar, hai moitos vicios que emendar destes orzamentos. Hai que revisar subvencións, hai que reconfigurar a política conservadora destes últimos anos e chegar a unha política valente, non tan popular como o tema das comisións de festas, pero moito máis necesaria para a situación real que se está a vivir.

Recoñecen, por outra parte, que o feito de chegar de novas a un goberno, no que ela persoalmente descoñece o grao de colaboración que tiveron do anterior, xunto coa fuxida para adiante do que era o responsable deste orzamento, o Sr. Rey, coa crise do PSOE, e o feito de que dentro de todo o seu equipo, o di con sinceridade, cren que non ten nin unha soa persoa que se aproxime, nin de lonxe, ao perfil de alguén que poida aplicar unha política realmente social, nova e transformadora aos orzamentos do ano que vén, entenden que ao Sr. alcalde se lle pon difícil esta tarefa.

Pero tamén lle di outra cousa. Dende ACdC-SON están absolutamente dispostos a colaborar no necesario para poder chegar a mellorar substancialmente estes orzamentos de cara ao ano que vén, e pídelles que non se esqueza dos prazos, porque xa están no mes de abril, e en seis meses, por prazo, os do ano que vén téñense que levar a pleno.

Respecto dos investimentos vai dicir o mesmo que viñeron dicindo en plenos anteriores, é o goberno quen ten ou quen debe decidir e priorizar, porque as necesidades son moitas e os recursos son limitados. Co único investimento que non teñen claro que se consiga o efecto desexado é coa reforma do local para biblioteca, nin por localización, nin por importe, nin pola idoneidade dese local. Como xa dixeron no pleno no que se tratou deste asunto, verán se efectivamente esta é unha boa decisión.

Respecto das propostas que presentaron dende ACdC-SON, e despois de todas as confusións que houbo sobre se as presentarán ou non as presentarán, que finalmente si se presentaron e si quedou claro, están satisfeitos co tratamento que dende o goberno se deu ás súas achegas. Presentaron 27, que non 28, que había un erro na numeración, que dalgún xeito representaban o que para ACdC-SON poderían ser algunhas das actuacións necesarias para levar a cabo nestes orzamentos.

Como xa dixeron nas comisións informativas previas a este pleno, tamén entenden que os recursos son limitados e as necesidades son infinitas, pero están satisfeitos co tratamento que fixeron das súas propostas, co compromiso que fixeron. Teñen ese compromiso en firme de que o goberno vai levar a cabo actuacións tan importantes para Asemblea Cidadá como a realización dun estudo para a iluminación dos pasos de peóns

perigosos no concello, seguir cos trámites para a compra do terreo da Fundación dos Irmáns Tenreiro en Cela, proxectar o pechamento do pavillón de Portofaro, acondicionar parques infantís, reparar e manter fontes públicas, arranxar marquesiñas, centro sociocultural de Meixigo, etc., unha serie de peticións que agradecen que as teñan a ben incluír nos orzamentos do goberno, nas súas políticas, ou ben, polo menos a inmensa maioría.

Nese sentido, nin poden, nin queren, nin cren que deban opoñerse á aprobación destes orzamentos, pero tampouco son os orzamentos que merece Cambre. Son realmente moi mellorables, non son mal punto de partida, pero pódense e débense repensar moito. Piden por tanto a este goberno que lles permita seguir participando de cara aos orzamentos do que vén e sucesivos, que se apliquen moito na corrección de erros e sobre todo que se reconfigure o tipo de política que debe levar a cabo Cambre. Unha política social e de servizo aos veciños, non unha política conservadora e meramente urbanística, que por suposto entenden que é necesaria, pero non tan urxente como pode ser unha acción social contundente e un goberno que se debe aos seus veciños, tendo en conta, ademais, a sentenza á que facía mención hai uns instantes.

Cando os veciños estean coas súas necesidades básicas absolutamente cubertas, entón comezarán a pensar noutras cousas. Nese sentido conclúe dicindo que van absterse.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, se lle permite o BNG, antes de continuar quería pedir desculpas, primeiro por non escusar á compañeira Rocío Vila, que dixo que non podía asistir hoxe, e a Manuel Mora, que chegou tarde e xa comunicara que ía chegar tarde. Esquecéuselle comentalo ao principio do pleno.

Tamén quería falar ao principio do pleno dos erros cometidos na prensa respecto das achegas dos grupos políticos. É verdade, e repíteo aquí no pleno para que conste en acta, que tanto ACdC-SON, como BNG, como Ciudadanos, fixeron achegas antes do documento, e despois do documento Ciudadanos fixo tamén achegas ao orzamento. Quería que quedara claro e quería dicilo antes, pero esquecéuselle, polo tanto pide perdón.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que, en nome do seu grupo, e procurando ser breves, valoran positivamente a presente proposta de orzamentos municipais para o ano en curso. Fundamentan o seu voto, que é favorable a esta proposta, na confianza que teñen no goberno municipal, e nomeadamente, tamén o din porque así o teñen falado no BNG, na persoa e figura do seu alcalde.

O BNG votou o pasado mes de xullo por un cambio de goberno en Cambre, por un cambio de políticas, fixérono, e non teñen empacho en dicilo, practicamente cun cheque en branco. Entenden que isto non deixa de ser, e en parte recollendo a exposición que fixo a representante do PP, un elemento que quizais se debería ter producido meses antes, e que é o propio, consecuencia tamén dun proceso de investidura. Son os primeiros orzamentos dun equipo de goberno, e eles teñen algúns puntos cos que non están de acordo, pero si están de acordo, polo menos, na maneira de enfocar multitude de cuestións que entenden fundamentais para a vida política de Cambre.

Tentando explicalo graficamente, ao seu modo de ver están diante dun goberno municipal que polo menos tenta poñer as luces longas á hora de expoñer, á hora de solucionar problemáticas que ten que afrontar este concello, sen descoidar aspectos do día a día.

Entenden que cuestións relacionadas xustamente coa xestión inmediata, coa xestión do día a día, a maiores da crise de goberno á que fixo mención a concelleira do PP, provocaron que este goberno non focalizara os seus esforzos nos primeiros meses na elaboración dos orzamentos. Loxicamente, como dicía Olga, tería sido preceptivo e tería sido mellor que este documento chegara hai uns meses, no pasado ano 2015. Con todo, chega agora, non bate ningún récord de impuntualidade nun concello como Cambre, e con gobernos que xa tiñan unha maior estabilidade.

Xa di que son os primeiros orzamentos que trae este equipo de goberno a pleno, e con carácter previo á súa presentación plenaria, dende o BNG teñen que recoñecer, e non teñen ningún empacho en dicilo, que foron receptivos, máis aló dos formalismos habituais, á incorporación de suxestións, de emendas, de propostas por parte dos grupos da oposición.

Sobre o tema do urbanismo, que tampouco é que teña unha relación ou unha concreción moi específica no tema dos orzamentos, o BNG é partidario de que hai que poñerse as pilas na cuestión urbanística, é algo fundamental para a economía deste concello. Dunha correcta adecuación ás formulacións urbanísticas e ás normas urbanísticas en vigor vai depender boa parte da saúde económica deste concello, e de que poidan ter no día de mañá fondos, recursos para facer política social, para facer política cultural, para facer política deportiva, para atender a necesidades moito máis urxentes e de carácter social da poboación durante anos.

Tamén queren dicir, porque non queren enganar a ninguén, e así o expresaron no seu día, que eles teñen dúbidas, entenden que minimamente razoables, sobre se son necesarios 221.000 euros para adecuar os locais na Barcala, pero, en todo caso, de producirse unha orzamentación á alta, estarán encantados de que se poidan dedicar eses fondos a outra cuestión.

E, enlazando tamén co que dicía Olga, e sen entrar na argumentación un tanto, tamén o di, e o di dende a cordialidade, reiterativa por parte do PP respecto do uso da Casa de Arrigada, eles consideran que as inmediacións da Volta das Carrozas non é un lugar acaído para instalar a biblioteca central que Cambre merece. E din isto en certa maneira tamén como un eloxio, é dicir, é un goberno que ao seu modo de ver está intentando, con moitas dificultades e particularidades, pensar coas luces longas, pero para eles isto non deixa de ser un parche, sexa en aluguer, sexa en aluguer con opción a compra, sexa como sexa. Un dos puntos negros do tráfico de Cambre non reúne para o BNG, por mil motivos que non convén explicar aquí, as condicións necesarias para o que consideran debe ser unha instalación desas características. E así o transmiten con total e absoluta sinceridade.

Cren que teñen que facer un esforzo entre todos para tentar conseguir algo mellor para Cambre nese apartado, só pena de que determinados grupos ou axentes sociais lles poidan botar en cara que se segue, efectivamente, perdendo unha cantidade inxente de cartos ao non poder dar traslado ao executivo autonómico do centro de saúde, cuestión que, xa non fala do equipo de goberno senón da Corporación, non é achacable a actual Corporación, é dicir, ese pequeno accidente histórico que teñen en Cambre e que lles está a custar máis de 13 millóns de pesetas cada ano.

Continúa dicindo que expectantes están tamén respecto da anunciada reforma fiscal. Non se trata tanto de subir impostos, niso están total e absolutamente de acordo, como de cobrar o que hai que cobrar. É dicir, en Cambre hai un déficit que é visible, tampouco é hoxe o día nin o lugar, pero todos o perciben, á hora de que haxa unha correcta inspección, unha correcta recadación, e por parte dos cidadáns un correcto pago de impostos, taxas e demais figuras fiscais.

Todo é opinable, irán falando disto nos sucesivos plenos ao longo do ano, sobre cuestións que aquí se mencionaron e que eles consideran importantes, como é o tema das festas, e por ende da política cultural, cuestións que se mencionaron sobre actuacións concretas en parroquias como Meixigo ou Cela, marquesiñas no rural ou situacións de tráfico perigoso. Nese sentido o BNG modestamente empra ao goberno a que haxa un diálogo fluído cos grupos da oposición, para poder solucionar e chegar a acordos colectivamente en beneficio do Concello de Cambre.

Conclúe dicindo que non son, loxicamente, os orzamentos do BNG, entre outras cousas porque a xente de Cambre non quixo que o Bloque fixera os orzamentos, que eles estarían encantados de ter unha maioría de goberno, pero xa di, a xente de Cambre non votou por iso, votou porque non houbera maiorías, e cren que están felizmente condenados a chegar polo menos a acordos mínimos, niso consiste tamén a democracia. Cren que en

xeral non hai partidas que rechíen, non hai, en fin, actuacións escandalosas ou unilaterais, e nese sentido o seu voto vai ser favorable, coa clarísima intención, como tiveron sempre dende o comezo desta lexislatura, de facilitar a acción deste goberno entrante.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que no seu grupo teñen analizado a proposta de gasto que lles presentaron e a verdade é que non atopan motivos de peso para impedir que se apliquen as prioridades que ten marcado este goberno. Ven que trata de coidar os servizos públicos, ven que son uns orzamentos cun bo compoñente social, e ven un grande apoio ao tecido asociativo, cultural e deportivo de Cambre.

Di que en Ciudadanos sempre estarán dispostos a traballar por Cambre, governe quen governe, e por iso mesmo teñen contribuído con propostas e con algunhas matizacións ao enriquecemento destes orzamentos. Que todos quixerían máis, por suposto que si, pero ten que primar a prudencia e a sustentabilidade na época na que están.

Manifesta que eles en Ciudadanos, e isto si que lle gusta dicilo, sempre tiveron e teñen claro que prefiren ser parte da solución, e por iso, primeiro achegan, e agora aquí votan a prol. E repite, teñen achegado propostas, o equipo de goberno escoitounos e, como dixo antes, prefiren sempre ser parte da solución.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que primeiro quere pedir desculpas a todos por traer os orzamentos tarde, é verdade, e ese é un erro que cometeron. Tamén é verdade que lles veu dado pola situación política que viviron neste concello, e todos son coñecedores diso, teñen que asumilo, e el como alcalde asume que os trouxeron tarde. Agarda que antes do 31 de decembro de 2016 se traian os orzamentos do 2017, así o agarda e ademais está seguro de que o van conseguir.

Dille á concelleira popular que sexa cal sexa o orzamento que eles trouxeran hoxe aquí, para o PP non ía ser un orzamento válido baixo ningún concepto, primeiro porque foi o único partido que non fixo ningún tipo de achega aos orzamentos, nin ao borrador nin despois do borrador, polo tanto, pouco deberían ter que dicir deste orzamento cando non quixeron participar del. Foi o único grupo político que non fixo ningún tipo de apreciación, nin de achega, polo tanto non vai entrar na descualificación nin nos motivos que a Sra. concelleira, durante 16 minutos, estivo enumerando.

Di que estes son os orzamentos dun goberno que deu participación ás asociacións e deu participación aos grupos políticos, non son os orzamentos do PP. A concelleira popular pasou 16 minutos intentando comparar o orzamento do PP do 2014, ou do 2015, que lle lembra que non se aprobou, con estes orzamentos que son participativos e que son outra maneira de facer política. Precisamente por iso non entende que aínda non se dea conta de que non só UxC e o PSdeG-PSOE, que están gobernando neste momento, traen estes orzamentos, senón que son os veciños, aos que o PP tanto defende e que non os votaron. O PP perdeu votos nas anteriores eleccións, por algo sería, non sería porque os demais o fixeran tan ben, senón que o PP o fixo bastante mal na anterior lexislatura.

A ACdC-SON dille que o incremento nas comisións de festas vén dado, en principio, polo traslado de material que ata o de agora se viña facendo pola brigada de obras. Iso hai que poñelo en valor, porque a brigada de obras, cre que estarán todos de acordo, ten que facer outro tipo de traballos, sobre todo ao longo do verán, que é cando máis tempo teñen para facer cousas co bo tempo. E tamén vén para non caer nas subvencións encubertas que ata o de agora historicamente se viñan dando. Trátase de poñer as mesmas regras de xogo para todos, e non que o feito de que unha comisión leve unha subvención ou non a leve dependa de se é amigo do alcalde ou non é amigo do alcalde, ou de se é amigo dun concelleiro ou concelleira. Precisamente por iso intentaron este ano polo menos subila, aínda que tamén teñen que dicir que nunca ningunha comisión de festas colleu toda a subvención, pero polo menos empezar a poñer en orde o tema das asociacións.

En canto á aposta deste goberno, entre outras cousas, tamén polo urbanismo, apostan e apostan forte, porque cren ademais que é necesario nun urbanismo tan esquecido durante as últimas décadas en Cambre. Respecto do Plan xeral dilles que se o teñen a ben, e o ten a ben o concelleiro de Urbanismo, na comisión de Urbanismo que teñen o vindeiro mércores falan da situación do Plan xeral sen ningún tipo de problema, e fan as preguntas que necesiten.

No que se refire a revisar e redefinir o orzamento de cara ao 2017 e contar cos grupos, dilles que por suposto que o van facer, e van facelo en principio na mesma medida que fixeron para este, que é dándolles oportunidades antes de facer o borrador. Di que para eles é importantísimo que todos os representantes dos veciños e as veciñas de Cambre, que primeiramente son os partidos, os grupos políticos, e logo as asociacións, teñan abertas as portas para dicir o que pensan respecto do orzamento.

Tamén é verdade que hai que estar moi dentro da casa para saber cales son as necesidades. Como a concelleira de ACdC-SON moi ben dixo, as necesidades son infinitas, e moitas veces, e isto hai que tomalo con pinzas, non se ve nada máis que o que se ten diante, non se ve o global. Di isto porque a cada veciño e a cada asociación o que realmente lle importa é o seu, non lle importa se realmente noutra asociación o están pasando mal ou non teñen orzamentos para facer algunha das cousas.

Respecto do BNG e o que dixo do parche da biblioteca e que non é o sitio adecuado, dilles que pode ser. Pero non só é que estean perdendo cartos co centro de saúde, senón que non poden ampliar a oferta sanitaria. Son as dúas partes as que son importantes para eles. Unha o aforro que poden ter ao entregarlle o centro de saúde ao Sergas, á Xunta de Galicia, e outra é a ampliación da oferta sanitaria que queren que se faga en Cambre.

Conclúe dicindo que por suposto vai seguir aberta a liña de diálogo cos grupos da oposición, é máis, intentarán reforzala no que poidan.

Concedida a partida a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que simplemente pola alusión que fixo o Sr. alcalde ao Grupo Municipal Popular, no sentido de que non se presentaron propostas ao orzamento municipal, di que, efectivamente, efectivamente non se presentaron propostas porque o Grupo Municipal Popular non vai ser de ningunha maneira coautor dun orzamento que para o seu grupo municipal está viciado de raíz, porque ten vicios de estrutura e de planificación, como dicía anteriormente.

Propuxéronlles un pacto de goberno que UxC rexeitou, e que era necesario para garantir a aprobación dos proxectos básicos para o futuro inmediato de Cambre. Dille que non lles pida agora que lle dean unha capa de pintura ao seu orzamento municipal para facelos partícipes dun documento no que non cren, un documento que non recolle, para o Grupo Municipal Popular, as expectativas de futuro que se merecen os veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que, por outro lado, aludía o Sr. alcalde, ademais, a que o PP perdeu votos nas eleccións, e queren lembrarlle que os veciños deron o seu apoio maioritario ao PP de Cambre, por iso o PP ten nesta Corporación seis concelleiros e UxC ten cinco.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que entende que a concelleira non queira ser coautora dos orzamentos, por iso non fixeron ningunha achega. A verdade é que lle fai graza, porque o importante aquí é o interese xeral, o interese do veciño, e el, aínda que non estivera de acordo con ela en moitas cousas, se o PP lle pedira a súa opinión e lla tiveran en conta, e tela en conta non é dicir vou facer todo o que vostede diga, el achegaría. O PP non o fixo así.

Dille á concelleira popular que se está equivocando, que o PP lles fixo unha oferta dun pacto que era totalmente inasumible pola súa parte, e agora ela dilles que era un pacto para aprobar os proxectos básicos para Cambre. Dille que eles non teñen un pacto de maiorías aquí, non o teñen, non obstante, se non se retracta ningún dos grupos políticos, hoxe van aprobar o orzamento, que é un proxecto básico para os veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que simplemente é cuestión de negociación, é cuestión de consenso, é cuestión de falar co resto dos grupos políticos, simplemente é iso. Non é cuestión dun pacto para ter unha maioría para acometer proxectos importantes. Os proxectos importantes, el cre lembrar que ata o de agora, e ata hai moi pouco con cinco concelleiros que tiña UxC, case todos os que trouxeron a pleno, por non dicir todos, se aprobaron, e iso é porque se traen con sentido común, exclusivamente.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os catro concelleiros do PSdG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os cinco concelleiros do PP. Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que aproban estes primeiros orzamentos da lexislatura que non veñen a ser máis que o reflexo dunha nova forma de facer política. Este orzamento é un documento dual, por unha parte é participativo, e ao mesmo tempo, segundo entenden, marca o camiño de como queren facer as cousas. As pautas son as que o seu grupo vén defendendo dende hai anos, realismo, transparencia, e planificación, pautas que para eles son innegociables.

Con esas pautas escoitarán a aqueles que entenden que representan á veciñanza, é dicir, aos grupos con representación no pleno e ás asociacións. E por iso agradecen as achegas que fixeron no seu día tanto o BNG, como Ciudadanos, como ACdC-SON, xa que facilitaron e enriqueceron o documento económico, coa finalidade de dotalo dunha maior pluralidade e acadar que un maior número de veciños e veciñas poidan sentirse identificados con el.

Tamén agradecen ás asociacións a súa colaboración. Estas responderon perfectamente a un reto, o de mudar o modelo, e asumiron perfectamente o que levaban anos reclamando, e que non é, nin máis nin menos, que se lles dera participación. Unha participación pequena que pensan e cren que poden incrementar ano tras ano.

Substitúese un modelo directivo por un modelo no que as asociacións son entes dinamizadores, achegando e coñecendo as alternativas para a súa parroquia e para os demais.

O resultado son uns orzamentos que non pertencen nin a un alcalde, nin a un grupo político, senón que son uns orzamentos nos que agardan que todos e cada un dos veciños e veciñas de Cambre se vexan reflectidos neles e os entendan como propios. Uns orzamentos sociais, uns orzamentos con investimento e que senten os piares dun novo modelo de xestión para os vindeiros anos.

Dálle as grazas a todos e conclúe dicindo que para el é un pracer, e un orgullo tamén, poder aprobar estes orzamentos, polo menos facilitados por cinco dos seis grupos políticos representados, e co Sr. Bao tamén absténdose na votación e facilitando os orzamentos. Agarda persoalmente non defraudalos neste ano e no cumprimento destes orzamentos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia